



GUIA DE CONVIVENCIA NO SERVICIO DE MADRUGADORES E COMEDOR

ANPA FARO DE MONTE ALTO, CEIP VICTOR LOPEZ SEOANE

V1.1. 25/02/ 2020. La presente versión del documento ha sido aprobada en la asamblea
xxxxxxx

ANPA Faro de Monte Alto



CAPÍTULO I - INTRODUCCIÓN

CAPÍTULO II – OBXECTIVOS.

Educación para a saúde e a convivencia

CAPÍTULO III - DE CONVIVENCIA


- A. Hixiene
- B. Organización e comportamento
- C. Alimentación
- D. Tempo libre

CAPÍTULO IV - DO ALUMNADO

CAPÍTULO V- FALTAS E CONSECUENCIAS

- A. Faltas leves
- B. Faltas graves
- C. Faltas moi graves
- D. Procedemento
- E. Prescrición

ANEXOS





CAPÍTULO I – INTRODUCCIÓN

Esta guía pretende ser un punto de encontro e de partida para que nais e pais traballen cos seus fillos e fillas na mellora dun ambiente o mais acolledor posible para eles.

O servizo do comedor escolar e de madrugadores, ademais de contribuír á conciliación da vida familiar, é un servizo complementario ao educativo e con contido pedagóxico, que actualmente, no noso centro, é xestionado pola ANPA Faro, e sendo servizos que continúan coa labor do centro, deben **IMPLICAR** a toda a comunidade educativa.

O Comedor escolar debe proporcionar a consolidación dos hábitos de saúde e hixiene que o alumnado non usuario deste servizo ven desenvolvendo na súa contorna familiar, ademais no servizo de comedor traballaremos outros valores como son a solidariedade, a cooperación e a tolerancia.

O comedor escolar deberá cumprir as esixencias establecidas na lexislación vixente en materia de seguridade alimentaria e en concreto as seguintes disposicións de directa aplicación, así como as disposicións legais que as complementen ou substitúan.

- Regulamento 852/2004, do 29 de abril de 2004, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á hixiene dos produtos alimenticios.

- Regulamento 853/2004, do 29 de abril de 2004, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.

- Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas.

- Real decreto 109/2010, do 5 de febreiro, polo que se modifican diversos reais decretos en materia sanitaria para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Por todo o anterior, fíxanse unha serie de obxectivos e normas que marquen as actuacións de todos os que interveñen no servizo do comedor e madrugadores. Tamén será aplicable a eles o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG, 27 de xaneiro de 2015) así como o resto de normativa aplicable concordante e supletoria de maior ou menor rango.



CAPÍTULO II - OBXECTIVOS

O servizo do comedor escolar é unha actividade extraescolar con contido educativo xestionada por ANPA Faro de Monte Alto que debe atender á consecución dos seguintes obxectivos:

Educación para a saúde e a convivencia:

1. Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e alimentación saudable, así como iniciarse en gustos variados e na inxestión de todo tipo de alimentos e texturas.
2. Manter comportamentos axeitados na mesa, normas de educación, de compañerismo, posturais, uso axeitado dos útiles para comer, etc.
3. Levar unha colaboración conxunta tanto co persoal do Comedor como coas familias, no relativo á mellora do alumnado na súa educación nutricional e social neste servizo.
4. Adquirir e pór en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns, implicando ao alumnado nas tarefas do comedor na medida do posible.
5. Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara a todos os membros da comunidade educativa do CEIP.
6. Acadar un ambiente agradable no comedor, evitando o ruído en exceso, e sendo considerables coas nenas e nenos de menor idade.
7. Coidar e respectar o local, mobiliario e menaxe.
8. Planificar actividades de lecer e tempo libre que contribúan a un bo desenvolvemento nas horas de este servizo.
9. **É DE SUMA IMPORTANCIA QUE AS NENAS E NENOS MAIS MAIORES ENTENDAN QUE COMPARTEN UN ESPAZO CON NENAS E NENOS MOITO MAIS PEQUENOS (CUN RANGO DE IDADE DE 2 ATA 11 ANOS) SENDO ESTES UN REFERENTE NA APRENDIZAXE, NO QUE SE TRANSMITEN CONDUCTAS DE COMPORTAMENTO QUE PERDURAN NO TEMPO. E SON OS PAIS E NAIS QUEN DEBEN TRABALLAR ESTE REGULAMENTO NA CASA COAS NENAS E NENOS.**



CAPÍTULO III - A CONVIVENCIA

Neste capítulo temos que pensar que estas normas deben adecuarse a nenos de rangos de idade moi dispar, e que os maiores deben ter adquiridas dende moito tempo atrás, coa premisa do RESPETO hacia os demais e hacia o entorno.

A. Hixiene

1. Todo o alumnado, incluído o de Educación Infantil, deberá lavar as mans, á hora de xantar. O persoal do Comedor, dentro dos obxectivos educativos do mesmo, favorecerá o aumento da dita autonomía durante o curso escolar.
2. Porase especial coidado na correcta utilización dos cubertos e pano de mesa, para mellorar autonomía e co fin de non mancase, podendo utilizar as mans para casos lóxicos como pizza, empanada e similares.
3. Non se pode tirar pan, auga ou restos de comida ao chan nin a outros/as alumnos/as.
4. Despois de xantar, e antes de ir aos lugares asignados para o lecer, todo o alumnado pasará polo servizo para asearse e lavar os dentes; no caso dos de Educación Infantil acompañados polo persoal do comedor.

B. Comportamento

1. Ao remate da xornada lectiva o alumnado debe seguir as indicacións de profesorado e monitoras que os conduciran ata o comedor gardando as filas e de xeito tranquilo, respetando aos compañeiros e compañeiras.
2. O alumnado toma asento, seguindo unha orde de idade aproximada, podendo ser cambiados a criterio do persoal do Comedor por causas xustificadas.
3. O alumnado deberá permanecer sentado tanto para respectar o espazo dos seus compañeiros como o traballo das e dos monitores.
4. O alumnado falará nun ton de voz adecuado, evitando os berros co fin de ter un ambiente agradable e de convivencia para todas e todos.
Para reclamar a atención dos monitores bastara con levantar a man e agardalo seu turno.
5. O alumnado debe respectar a todo o persoal de comedor nos mesmos termos que ao profesorado do CEIP e deben seguir as súas indicacións. O persoal do comedor terá durante o servizo condición de autoridade.
6. Ao remataren de xantar, despois de recoller os seus cubertos o alumnado agardará tranquilamente a que se lles indique o momento da saída, o cal se fará segundo as indicacións do persoal.



C. Alimentación

1. O alumnado adaptarase ao menú establecido, intentando probar de todo o que se serve, aínda que só sexa un pouco, fomentado polos/as monitores/as, non se trata dunha obriga se non dunha motivación e unha aprendizaxe.

D. Tempo libre

1. Non se permite entrada de obxectos persoais (xoguetes, balóns, móbiles, aparatos electrónicos, etc.) tanto no espazo do comedor como no pabillón.
Ao igual que nas horas lectivas está demostrado que esta práctica xenera conflitos entre as crianzas e aumenta os problemas de control de monitoras e monitores.
Se un neno trae obxectos persoais en horas de comedor este pode ser requisado e deberan ser os seus proxenitores quen o veñan a buscar, o incumplimento reiterado desta norma tera como calquera falta as súas consecuencias, nunca sendo responsable da súa perda o persoal de comedor.
2. Cando a climatoloxía obriga a facer a espera baixo cuberto dentro do pavillón non se poderá xogar o balón, xa que todos e todas compartimos o mesmo espazo, si en cambio cando a espera se fai ó aire libre, repartindo os espazos de maneira xusta e razoable, e consensuado na medida do posible.

CAPÍTULO V - FALTAS E CONSECUENCIAS

A. Faltas leves :

1. Desobedecer levemente as indicacións do persoal do Comedor.
2. Entrar ou saír do Comedor sen seguir as indicacións do persoal do comedor.
3. Entrar no comedor con obxectos non permitidos: xoguetes, libros, balóns, móbiles, etc.
4. Facer ruído ou berrar de forma reiterada.
5. Levantarse constantemente do sitio sen causa xustificada.
6. Calquera outra conduta que afecte levemente ao respecto, a integridade ou á saúde das persoas.

Consecuencias:

1. Tratarase de mellorar o seu comportamento através do dialogo, seralle chamada a atención de xeito verbal persoalmente, ademais de comunicarllo aos pais, nais ou titores legais, a fin de reintegrar ao neno ou nena ao comedor.
2. Separar temporalmente o neno ou nena do grupo de referencia (ou de mesa de Comedor) e integración noutro.
3. Perder o dereito de participar en xogos ou actividades de lecer.
4. Estas sancións serán impostas polo persoal do Comedor, a criterio do mesmo.



B. Faltas graves

1. Reiteración de faltas leves (4 consecutivas ou 6 alternas).
2. Desobediencia grave das indicacións do persoal do Comedor.
3. Saír das instalacións do comedor sen permiso do persoal.
4. Deteriorar a propósito o material propio do Comedor.
5. Tirar intencionadamente comida ao chan ou a outros compañeiros.

Consecuencias:

Ademais das recollidas para as faltas leves:

1. Amoestar por escrito ao alumnado. Comunicación aos pais, nais ou titores legais.
2. Comer illado dos/as compañeiros/as durante uns días.

A persoa encargada do Comedor impondrá as sancións por faltas graves previa comunicación aos pais, nais e titores legais, aos responsables do comedor ou madrugadores, a xunta directiva da ANPA e á dirección do CEIP

C. Faltas moi graves

1. Reiteración de seis faltas graves.
2. Agredir de forma intencionada a compañeiros/as ou persoal do comedor.
3. Saír do CEIP sen permiso durante o horario do Comedor.
4. Calquera outra conduta que afecte moi gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

Para a definición deste tipo de condutas terase en conta o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG, 27 de xaneiro de 2015) así como o resto de normativa aplicable concordante e supletoria de maior ou menor rango.

Consecuencias:

Ademais das recollidas para as faltas leves e graves:

1. Expulsión temporal ou definitiva do Comedor.

As sancións previstas para as faltas leves, graves e moi graves poderán ser impostas pola xunta directiva da ANPA Faro e serán comunicadas aos pais, nais ou titores legais e mais a dirección do CEIP.

Para o caso da expulsión temporal/definitiva do Comedor artéllase un procedemento establecido no seguinte apartado.



D. Procedemento

Todas as faltas graves e moi graves serán recollidas nun parte de amoestación individual para cada alumno ou alumna segundo un modelo elaborado pola ANPA (ANEXO IV). Estes partes de amoestación, redactados polo persoal do Comedor e supervisados pola persoa encargada do Comedor, serán entregados semanalmente (as graves) e diariamente (as moi graves) a un membro da xunta directiva da ANPA. Para o caso de expulsión temporal ou definitiva do Comedor, a proposta será acordada por maioría da xunta directiva da ANPA, tomada a decisión pedirase asesoramento á Federación de ANPAS, inmediatamente despois de seren oídos o/a propio/a alumno/a, as nais, pais ou titores legais do alumnado, así como o persoal do Comedor que redactou os partes de amoestación.

Unha vez acordada a proposta e elaborado o correspondente informe que recolla os feitos, partes de amoestación e decisión adoptada, comunicarase ás partes implicadas.

Para a regulación das sancións e procedemento e no que non sexa incompatible será de aplicación o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG, 27 de xaneiro de 2015) así como o resto de normativa aplicable concordante e supletoria de maior ou menor rango.

E. Prescrición

A prescrición das faltas leves producirase nunha semana, as graves ao mes e as moi graves ao trimestre, excepto casos de expulsión definitiva dalgún dos servizos.

